

# VAMPIR-CUADECUC + MIRÓ L'ALTRE + ACCIÓ SANTOS

# 1296

Pere Portabella

ESTREA EN NUMAX: 21.05.2024 | V.O.S.E. | 93 min

## Vampir-Cuadecuc

1970 | 66 min

Vampir-Cuadecuc é posiblemente o filme clave para entender a transición que se produce no campo cinematográfico español desde o período dos «novos cinemas» (permitidos pola administración franquista) cara as practicas clandestinas, ilegais ou de aberta oposición ao réxime franquista.

## Miró l'altre


1969 | 15 min

Con motivo da exposición Miró Otro organizada polo Colexio de Arquitectos de Catalunya no ano 1969, a xunta propuxo a Pere Portabella rodar o que debía ser o mural de reclamo da exposición, pintado polo propio Miró, sobre os vidros exteriores da planta baixa do edificio. A Portabella non lle interesaba facer simplemente un documental testemuñal. Decidiu que rodaría se, ao acabar a exposición, o propio Joan Miró o borraba axudado polos servizos de limpeza.

## Acció Santos

1973 | 12 min

Curtametraxe formada por un par de planos fixos do pianista Carles Santos executando o preludio Op. 45 en Do sostido menor de Frederick Chopin. O segundo, amósao escoitando a súa propia interpretación nun altofalante ata que pon uns auriculares, de forma que o silencio se apropia da película e consecuentemente, tamén da audiencia presente na sala de cinema.



## Un remake solapado

Por Por Adrián Esbilla

*Vampir-Cuadecuc* non é un documental, nin un *making of*, quizais a etiqueta máis precisa (por vaga, por aberta) sexa a de contradocumental, que Antonio Gregori lle adxudica en *El cine español según sus directores* (Cátedra, 2009). Lida desde o presente, o que a película de Portabella propón (e executa) é un remake, coa particularidade de que é instantáneo, solapado, con respecto á película de Jesús Franco. Pode parecer que *Vampir-Cuadecuc* fose extraída de *Drácula*, coma se, en realidade sempre estivese alí; o cal nos fala dunha posibilidade estremecedora: que en todas as películas hai outras: ocultas, en potencia, listas para revelar (outra vez) a faceta multiversal da creación ficcional. Portabella descobre o polimorfo e a polisemia do remake, o seu carácter non gregario ou subsidiario, senón como adaptación dun texto preexistente, listo, nunha noción postmoderna que interroga o material e o medio (ou os medios) de orixe, para a manipulación.

Portabella apóiase no seu colaborador habitual, o poeta Joan Brossa, que incorpora a súa poesía visual. «Faláramos de facer unha película sobre un guión dunha película xa feita, dunha película adocenada das que se facían aquí e establecer unha caste de xogo. Eu coñecía persoalmente a Jess Franco que é unha persoa encantadora, e souben a través da miña muller, que era script, que ía facer unha película sobre *Drácula*, que se ía a rodar en Barcelona cunha produtora inglesa e que, ademais, estaría protagonizada por Christopher Lee. Cando Jess veu preparar a rodaxe entrevisteime con el e díxenlle que eu quería rodar unha película de *Drácula* a partir da súa película. Recalqueille que non quería facer un documental sobre o que el estaba a facer, senón que o que eu pretendía era facer a miña película de *Drácula* e que rodaría en 16mm mentres el facía o seu traballo. (...) Non houbo ningún problema (...) ademais Jess é un pillabán e a xente que traballa con el xa está afeita facer de todo, non se asusta por nada»

Portabella establece un diálogo con Franco (Jesús) co corpo intermedio dunha imaxes que, á súa vez, remakean o *Vampyr, a bruja vampiro* (Carl Theodor Dreyer, 1932) e adaptan, á súa maneira, a *Stoker*. Pero non só se trata dunha posición, digamos artística, senón tamén industrial, ou para-industrial, onde se afronta un mesmo material desde orzamentos (en todos os sentidos) moi diferentes... pero non tanto. Como Portabella, Jesús Franco era un outsider, un cineasta experimental, libérrimo e ácrata, negociando cun contexto moi pouco romántico como o da produción de cinema de baixo orzamento europeo. A diferenza é que o segundo nada entre as fendas do Sistema, como un parasito estraño, molesto ás veces, polo xeral desapercibido por un organismo descomunal en comparación, mentres o primeiro se sitúa voluntariamente á marxe, fóra de calquera conduto e vía sistémica.

Portabella é un observador deste peculiar cosmos, igual que o é con respecto aos códigos do xénero de terror que aquí violenta mediante unha sensibilidade lúdica de laboratorio. O seu *Vampir-Cuadecuc*, o seu *Drácula*, representa o carácter subversivo co cal os cineastas (o cinema) experimental se achega ás formas populares da arte (...) O xénero, terror neste caso, abandona a inconsciencia e asume a intelectualización, a reflexión sobre si mesmo, sobre os seus resortes e valores, sobre o que proxecta no espectador e o que significa. Como en *Targets* (Peter Bogdanovich, 1968) o regreso a esa dobre morte final, ao actor-mito e o personaxe-icona íspense nunha metaimaxe do terror e os seus intérpretes que sintetiza o pop e o experimental, a paixón e a reflexión, o poético e o mundano.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Impugnar las normas*,  
Pere Portabella,  
Galaxia Gutenberg, 2024

*Pere Portabella*,  
Rubén Hernández.  
Errata Naturae, 2008

*Vampir Cuadecuc*,  
Pere Portabella,  
Cameo [DVD]